

A partires destes tres documentos, elabora un comentario no que partindo do contido dos textos analices as características do Antigo Réxime e os posibles cambios que se van a producir nela a partires do S XVIII.

“A orde eclesiástica non compón senon un so corpo. En cambio a sociedade está dividida en tres órdes. Aparte do xa citado, a lei recoñece outras dúass condicións: o noble e o servo, que non se rixen pola mesma lei.

Os nobles son os guerreiros, os protectores das igrexas. Defenden a todo o pobo, ós grandes o mesmo que aos pequenos e ó mesmo tempo protéxense a eles mesmos.

A outra clase é a dos servos. Esta raza de desgraciados no posúe nada sin sufrimento. Provisións e vestidos son suministrados a todos por eles, poiss os homes libres non poden valerse sin eles.



Así pois, a cidade de Deus, que é tida como unha, en realidade é triple. Uns rezan, outros loitan e outros traballan. As tres ordes viven xuntas e non sufrirían unha separación. Os servizos de cada un destas ordenes permiten os traballos das outras dúas. E cada un á súa vez presta apoio aos demais. Mentras esta le estivo en vigor o mundo estivo en paz”.

Adalberón: *Carmen ad Robertum regem francorum*, ano 998.

“Sí, irmáns, non é casualidade o que vos fixo nacer grandes e poderosos (refírese ó rei e á nobleza). Deus, desde o comenzo dos séculosos, destinouvos a esta gloria temporal, sinalándovos co selo da súa grandeza e separándovos da multitude pola magnificencia dos títulos e das distincóns humanas.”

Massillón. Sermón sobre a consideración que os grandes deben á Relixión.

Jean Baptiste Massillon (1663 -1742), arzobispo de París e predicador francés. Célebre é a súa frase na eremponia funeraria de Luis XIV: “ Só Deus é grande “!

“... a masa burguesa, a que no seu conxunto se apropiou do nome do Terceiro Estado, abre as portas do século cun novo ímpetu, forza e ideoloxía. Entre esa burguesía non privilexiada, alta e baixa, negociantes, industriaiss, homes de leis, patriciado urbano, difúndense as novas concepcións ideolóxicas, racionalistas e críticas, que postulan unha transformación política e social. Porque a burguesía, de espírito emprendedor e innovadora, coñecéndose como elemento vital da sociedade do seu século, pretende quebrantar as prescripcións e privilegios que lle impiden o acceso aos cargos públicos e ó exército e a colocan en posición desventaxosa frente ás clases sociaiss aristocráticas.”

J. Vicens Vives. Historia general moderna.

ANÁLISE DOS TEXTOS:

Texto 1:

- ☞ Sociedade xerárquica.
- ☞ 3 estamentos
- ☞ Diferenza ante a lei: “ o nobre e o servo non se rexen pola mesma lei”
- ☞ Pobo marxinado: “ raza de desgraciados”

Texto 2:

- ☞ O nacemento marca a pertenza ós grupos sociais.
- ☞ Orixe divina dos privilexios do rei e nobles.

Texto 3 :

- ☞ A burguesía: poder económico
- ☞ Marxinación da vida social: “ posición desventaxosa fronte as clases sociais aristocráticas”
- ☞ Ilustración: novas ideas, revolucións,...
- ☞ Sociedade de clases.

COMENTARIO:

Os textos sitúannos entre os S XVI e XVIII nunha Europa coas características sociopolíticas, económicas e xurídicas do Antigo Réxime. Concretamente fan referencia á sociedade da época.

Era unha sociedade xerárquica, dividida en estamentos, marcada pola subordinación social, económica e política do pobo (3º estado) con respecto á nobreza e clero. Estaba dividida en 3 estamentos ou “ ordes “ (nobreza, clero e pobo) que eran desiguais ante a lei: “ o nobre e o servo non se rexen pola mesma lei” (texto 1). A pertenza a calquera dos distintos grupos sociais estaba marcada polo seu nacemento, a excepción do clero. “ Deus (...)destinouvos a esta gloria temporal sinalándovos co selo da súa grandeza “ (texto 2).

A nobreza supoñía un 2 ou 3 % da poboación e eran os propietarios das terras, que logo transmitían ós primoxénitos directamente, sen dividilos ou vendelos (propiedade vinculada). Estaban exentos de impostos e tiñan deuses e sistemas xudiciais propios: “ Deus destinouvos a esta gloria temporal (...) separándovos da multitude pola magnificencia dos títulos e distincións humanas “ (texto 2)

O clero, único estamento de carácter aberto (non se pertencía a el por nacemento), supoñía un 1 % da poboación, estaban exentos de impostos e posuían unha grande influencia ideolóxica e social, utilizando a Deus coma xustificación. Había grandes diferencias entre o alto clero (vivían coma nobres: abades, priores, bispos, cardenais,...) e o baixo clero (vivían sen privilexios).

O pobo estaba dividido en 3 grupos (entre todos supoñían o 95% da poboación):campesiños , clases populares urbanas e burguesía.

Os campesiños, a gran maioría non eran propietarios de terras, trabalaban as terras señoriais, obrigados a pagar impostos e tiñan unhas condicións de vida moi precarias: “ esa raza de desgraciados non posúe nada sen sufrimento”.

Pola súa parte, a burguesía, formada por comerciantes, prestamistas, artesáns,..., foi gañando poder económico e prestixio social. Posuían toda clase de comodidades (criados, casas,..) pero non posuían ningún tipo de dereito político e estaban marxinaos da vida política: “ lle impiden o acceso a cargos públicos “ (texto 3).

Xa na época da Ilustración (S XVIII ou Século das Luces) se espalla un pensamento crítico con respecto ó Antigo Réxime, tentando cambialo: “ difúndense novas concepcións ideolóxicas, racionalistas e críticas que postulan a transformación política e social” (texto 3). A burguesía toma cartas no asunto. Co apoio das ideas Ilustradas, que van en sentido contrario ó absolutismo monárquico, ós privilexios da sociedade estamental , da tiranía e da simple xustificación da situación sociopolítica por vía divina, a burguesía intentará acadar poder mediante a vía revolucionaria (revolucións liberais S XIX). Preténdese lograr a igualdade, suprimir os privilexios, logrando así que se estableza unha sociedade de clases substituíndo á estamental.